

A BOCA ABERTA

Maurice Pialat, 1974

1559

ESTREA EN NUMAX: 25.07.2025 | V.O.S.E. | +16 | 82 min

Drama centrado nunha muller que se atopa na última etapa dunha enfermidade terminal e as consecuencias que esta situación ten nos seus seres máis próximos.

«No seu cinema, o peso do corpo
(que pode ser tamén a súa lixeireza)
é fundamental»

Jean-Pierre Dardenne



Un relato de devastación

Por Adrian Martin

Maurice Pialat dedicou a súa vida (1925-2003) a realizar películas intensas, emocionalmente crúas, impredecibles e caprichosas: unha caste de curmán francés de John Cassavetes. *A boca aberta* é a única película de Pialat cuxa trama é sinxela e doada de contar. Unha muller (Monique, interpretada por Monique Mélinand) acode a unha revisión médica cotiá, pero o problema que se descobre provoca o seu rápido deterioro. Mentres tanto, todos os membros da familia que a rodean véñense abaixo. O título da película reduce aínda máis a idea: Monique pasa de ser unha persoa que camiña e fala a unha "boca aberta" case comatosa ou catatónica, capaz de abrirse unicamente para recibir comida. Esta é a película en poucas palabras: a devastación da forma humana, do carácter humano, do ser humano, concentrado no seu trazo máis tipicamente icónico: o rostro.

Como todas as películas de Pialat, *A boca aberta* é un relato de devastación humana, observado con atención e moi incómodo. As películas de Pialat céntranse, case con determinación, no feito, o proceso, o acontecemento da devastación, lenta, gradual e irremediable: a devastación dunha relación, un matrimonio, unha familia, unha comunidade, unha forma de vida.

Pialat presenta todo isto en nome dun realismo sombrío propio, unha profunda sensación de que así son as cousas. Cada áncora, cada sistema de apoio desaparece, un a un. Os personaxes, ao final, quedan sós, desamparados, inconsolables, intocables. Pero que resistencia apaixonada, furiosa, violenta e rosmona de Pialat a esta realidade! Cada personaxe d'*A boca aberta*, á súa maneira, négase a deixarse levar pola corrente da devastación irrevogable. Retráense, láianse, beben ou buscan consolo sexual nos brazos doutros. Con todo, non hai escapatoria á devastación no cinema de Pialat.

A forma en que constrúe as súas películas transmite un duro drama do tempo, un tempo decididamente singular e brutalmente lineal: moitas elipses, pero ningún *flashback*. Directo, como unha frecha rota, cara ao seu obxectivo. E o obxectivo sempre é a soidade, a morte ou o baleiro. Ao longo do camiño, observamos a notable habilidade de Pialat para dirixir actores, compoñer encadres (aquí iluminados e filmados polo gran Néstor Almendros), capturar todo o incómodo e difícil das interaccións cotiás ao redor dunha mesa, nun bar ou na cama.

Pialat evita as convencións doadas e os clichés dramáticos: busca unha autenticidade que, en definitiva, non se parece en nada ao *cinema-vérité*, senón que forxa unha forma cinematográfica nova e persoal. A forma en que Pialat presenta unha casa, unha man, un momento de violencia ou tenrura, é indeleblemente súa, e só súa.

Publicada en adrianmartinfilmcritic.com